
13
maruxía
A.C. OS MATOS / I.E.S. PERDOURO





A.C. "OS MATOS"

I.E.S. "PERDOURO"

I.E.S. PERDOURO

BURELA

Sumario

PORTADA
AS LAGRIMAS DO MAR
Maite Salgueiro Casariego

SAÚDA
Juan Sama

A UNHA MESTRA
Fausto

ABURIÑO EDUARDO
A. J.

VOLUNTARIADO EN DEFENSA DO MONTE GALEGO

COLABORACIÓN TRANSFRONTEIRIZA ENTRE INSTITUTOS DE BURELA E GUIMARAES
Iago Rodríguez Pena

¿QUÉ É UN CICLO FORMATIVO DE FORMACION PROFESIONAL?
Lucía Rivas Ramos

MUSICA: NOVO GRUPO DE BURELA
Arbore

RUTA DO ROMÁNICO POLA MARIÑA LUGUESA

FINALISTAS PORTADA MARUXIA 2007
Xosé Manuel Iglesias García
A PRESENZA DOS MARES: Adrián Claro Tellado
O NOVO BARRENDEIRO: Laura Chao Valle
OS OLLOS DO MAR: Antía Saá del Río
O MAR E AS SÚAS SENSACIÓNS: Lucía Barrera López
NON Á PESCA ILEGAL: Diego Fernández Vázquez
O AMANECER DE MAÑÁ: Sara Otero Álvarez
O MAR É O NOSO FUTURO: Santiago Henao Vélez
O ACUARIO: Iria Álvarez García
VIAXE MARIÑA AO PASADO: Miriam Fdez. Rodríguez
AS MAREAS: Raquel San José Díaz
LUZ NA ESCURIDADE: Mariela Fernández Martínez
ESCURIDADE, OS PEIXES: Sara Fachal Bugarín
SOFT HARD: Yésica Expósito Casabella
MIRADAS NO PROFUNDO: Susana Fernández Rodil
O MAR PIDE AXUDA : Cristina Rega Villarejo

MARÍA MARIÑO

PREMIO PARA PROXECTO DE INNOVACIÓN LINGÜÍSTICA

VIAXE A LUGO
Alumnos/as de Cultura Clásica 4.º de E.S.O.

DEBUXOS
Adrián Canoura Sánchez
Higinio Lombardía Lorenzo
Marta Pernas Eijo
Tania Menéndez García

ENTREVISTA A ELVIRIÑA LÓPEZ NEIRA, A BELEZA GALEGA DE 1970
Lucía Barrera López

AUGAMAR PUZZLES
Yésica, Sara F., Marta, Borja, Lucía and Rocío - 3.º E.S.O.

THE SCHOOL TRIP TO AROUSA
Iria, Inés, Laura, Uxía, Antía - 3.º E.S.O A

MISCELLANEOUS NEWS BRIEFLY
Ismael García - 2.º Bac. B

COÑECENDO O CONCELLO DE BURELA
Ivonne Andrea Manín Otero - 1.º A
Nélida Fernández 1.º A

YONG FEN: UNHA COMPAÑEIRA ASIÁTICA
Antón Niñe Fernández

A POZA CORSARIA
Lucía Barrera López - 3.º E.S.O. B

OFERTA EDUCATIVA 2007-2008 - IES "PERDOURO"

COORDINACIÓN:
Equipo de Normalización Lingüística

EDITA:
Asociación Cultural "Os Matos"

ANO 2007 ■ N.º 13

Fotocomposición e Impresión: Gráficas Arfe - Burela

D.L.: LU - 171 - 00

Edita: A.C. "Os Matos" - I.E.S. Perdouro

SUBVENCIONA:

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERIA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Política Lingüística
Edificio Administrativo San Caetano - SANTIAGO

CORCHAO OIL

GASÓLEO CALEFACCIÓN

GASÓLEOS A, B y C

(AUTOMOCIÓN, AGRÍCOLA, CALEFACCIÓN)

DISTRIBUCIÓN A DOMICILIO
Tel. 659 90 34 37



As Regas, 14 - A Campiña - LUGO Fax: 982 30 39 41
www.grupocordero.net / gasoleos_corchao@yahoo.es

Tel. 982 30 39 40

Electrosón

Certified ISO 9001 by BVQi

Componenetes electrónicos y automatismos **Galicia**
Central Vigo. c/Venezuela, 28-Bajo. 36203.
Tel. 986 49 32 81. Fax. 986 49 31 55

Vigo
Pontevedra
Lugo
Gijón
Orense
A Coruña

www.electroson.com
info@electroson.com

L U G O
C/. Concepción Arenal, 48. C.P. 27004
Teléfono: 982 24 49 70 / 24 69 71. Fax. 982 28 09 19

Saúda

Nas nosas vidas sempre temos referentes que ano tras ano nos recordan algo, un lugar, unha cantiga, un son, un aroma, ... MARUXÍA vén chegando ás nosas mans desde hai xa uns anos, para recordarnos que están próximos o remate doutro curso e o comezo das vacacións.

Un curso cargado de actividades, de bos e malos recordos (os malos..., mellor aprender deles e esquecelos). Quizais, co paso do tempo, caerá esta revista nas túas mans e recordarás a viaxe que fixeches por Europa, a familia coa que conviviches en Francia, o teu primeiro blog na rede, a defensa do noso monte, os premios que recollemos en Madrid, os outros premios... e tantas e tantas vivencias acumuladas ao longo do curso. Non hai moito tempo, un alumno prestoume un libro do 75 aniversario do colexio en que traballou o seu avó. Foi un dos colexios onde estudiei, xa hai anos, e a ilusión de ver ese libro foi grande. Sei que, co paso do tempo, MARUXÍA causará as mesmas sensacións e avivará os teus recordos.

Aproveitando esta ocasión, quixera desexar moita sorte a alumnas e alumnos que este curso rematan unha etapa no centro e continúan outros estudos; tamén a aqueles que se incorporan á vida laboral. Quixera tamén agradecer a profesoras e profesores -sen esquecer os que nalgún momento do curso viñeron facer algunha substitución- e ao persoal non docente o traballo desenvolvido e a súa colaboración en pro do bo funcionamento do centro. Aos que o vindeiro curso acaden un novo destino desexámoslles moita sorte, esperando que garden un grato recordo do seu paso por Burela.

Por último, non quería rematar a presentación deste número de MARUXÍA sen agradecer o traballo da Asociación Cultural OS MATOS, impulsora de moitas das actividades do noso centro. Animo a todos e cada un dos seus membros a seguir traballando polo centro, por Burela. Vaia unha mención especial ao traballo de todas as alumnas e os alumnos, e de todas as outras persoas que colaboraron dalgunha maneira en que esta publicación puidese estar nas nosas mans.

Animándote a participar no vindeiro número de MARUXÍA, recibe un cordial saúdo.

Juan Sama

AUTOCARES

EL RAPIDO

RIVAS RODRIGUEZ, S.L.

SERVICIO DISCRECIONAL

Teléfono: 982 507 400
Teléfono Particular: 982 521 782
Fax: 982 507 310

27740 **MONDOÑEDO** (Lugo)
RAPIDOMONDOARR@terra.es

CARLiN®

LA FRANQUICIA LIDER EN PAPELERIA

LOPEGAR BURELA, S.L.

C/. Rosalía de Castro, 61 (Frente a Residencia 3.ª Edad)

27880 **B U R E L A** (Lugo)

Teléfono - Fax: 982 58 58 48

A unha mestra

Ao longo da miña vida de ensinante fun testemuña de moitas xubilacións, pero é a primeira vez que me vexo na obriga de escribir sobre este cambio tan brusco que se produce na vida dunha persoa. No noso caso, despois de moitos anos dedicados á formación e educación de novas xeracións, pasamos ao clube dos "improdutivos" e isto acostumamos simplificalo o día da despedida con frases como: " Que ben, por fin a disfrutar da vida sen horarios e alumnos... Agora a viaxar .... Vai ter tempo para aquilo que...". Case sempre son as mesmas frases e os mesmos tópicos. Por sorte para Olimpia, no último xantar en que estivemos, houbo alguén que lle dedicou unha frase máis orixinal, que todos subscribiríamos: "Ogallá todos poidéramos chegar a esta situación coa enerxía, saúde e ... de Olimpia".

É a enerxía, xunto coa grande personalidade, o rasgo máis característico dela, e se alguén pode dar fe diso é quen subscribe este texto. Hai xa trinta anos que nos coñecemos. Teño na miña memoria unha das primeiras veces que falamos, a finais dos setenta. Eran anos de grandes cambios na sociedade a todos os niveis. Olimpia falábame das ameazas que ela e outras compañeiras do colexio sufrían por parte da dirección se acudían ás reunións que facían os mestres para reinvindicar melloras no seu traballo. A partir daquela, xurdiu unha amizade que nunca se rompeu ao longo destes anos.

Tres cursos máis tarde, coincidimos como compañeiros no Colexio Virxe do Carme e desde aquela os nosos destinos profesionais sempre estiveron unidos. O número de actividades en que participamos son incontables, polo que podo presumir de ser un dos que mellor pode definir a Olimpia como mestra: unha boa profesional, unha excelente compañeira e unha grande amiga para todos e todas.

Olimpia é das que cre no ensino público de calidade e pon desde todos os ámbitos da súa vida todo o necesario para conseguilo: dedicación, horas e horas, formación e –sobre todo- exerce de catalizador para o resto dos compañeiros que con ela traballamos.

Sempre -é fácil dicilo- está disposta a colaborar en calquera iniciativa que xurda no centro, e que estimule o traballo de alumnos e alumnas. Hai unha expresión que define esta actitude: " Que por min non se deixe de facer...".

Se algún de nós tiña un problema grave, tanto no ámbito social como no familiar, alí estaba ela disposta a botar unha man.

Creo que todos, sobre todo no Vista Alegre, a imos botar en falta...

Quen abrirá e pechará as portas? Quen estará pendente dos alumnos e alumnas para que non se entreteñan polos corredores? Quen nos fará os doces que alegraban o café dos recreos?

Vai deixar un oco difícil de cubrir.

(...)

Querémoste, Olimpia!
Fausto

ACADEMIA

A Mariña

ECA Empresa Registrada 2132/ER/03/02
ISO 9001

Lloyd's Register España, S.A.
Marca de Calidad para Academias
de Enseñanza QAE 060 - 03

ECA Gestión Medioambiental UNE EN ISO 14001:96
612/MA/11/04

Protección Datos

Asesoramiento e implantación de la LOPD en tu empresa en: DataGest A Mariña

Vigilante Seguridad Escolta Privado

CENTRO OFICIAL
SEGURIDAD PRIVADA

Carné Instalador Electricista

CENTRO OFICIAL

Carné Manipulador de Alimentos

CENTRO OFICIAL

MÁSTER EN PREVENCIÓN DE RIESGOS LABORALES

Tlfno. *982 58 50 98* - Fax: 982 57 51 01 - E-mail: amarina@infonegocio.com - www.amarina.org

HERRAMIENTAS

FERPA S.L.

DISTRIBUIDOR PARA LA PROVINCIA DE LUGO DE:

Brocas LATZ - Machos y Cojinetes FERG - Sierras SANDVIK
Cuchillas y Plaquitas KRUPP WIDIA - Discos CABALLITO
Electrodos y Material Soldadura SEO
Herramientas Neumáticas INGERSOLL RAND

Avda. Benito Galcerán, 30 - Bajo
Teléfono: 982 56 26 55 - Fax: 982 56 26 55
27850 **VIVEIRO** (Lugo)

ABURIÑO, EDUARDO

Es una persona conocida por todos. Divertida y alegre. Está muy integrado en Burela. Pero cambia de tierras y cruza "la Frontera".

Echaremos de menos aquellos tus rubios cabellos, tus artículos de Maruxía, a los deportistas que nos diste a conocer, la importancia de un buen calentamiento, tus carreras por la Marosa, tus sudaderas, tu moreno todo el año, esos viajes a la nieve...

Ahora te podrás dedicar más a tu pasión, y también, a la agricultura.

Como bien decía tu paisano Ramón de Campoamor, "la amistad es un amor que no se comunica por los sentidos".

A.J.

Voluntariado en Defensa do Monte Galego

Alumnado do I.E.S. Perdouro iníciase nos labores de reforestación e formación medioambiental

Un total de 20 alumnos e alumnas de 4º de ESO participaron, entre o 29 de xaneiro e o 1 de febreiro, no programa "Vive en defensa do monte galego". A iniciativa de educación e promoción do voluntariado ambiental encamiñada á recuperación do monte estaba organizada pola Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade.

Neste programa de voluntariado ambiental estiveron implicados varios colexios de toda Galiza (San Cibrao, Monteces e Monelos). Mozos e mozas conviviron durante catro días nas instalacións do albergue xuvenil das Sinas e participaron en actividades de formación e sensibilización sobre o monte afectado polos incendios, así como en tarefas de rexeneración e formación medioambiental orientada á actuacións sobre as zonas queimadas e á recuperación dos ecosistemas destas áreas.

Actuacións

A delegación burelesa, coordenada pola profesora Montserrat Otero Piñeiro, desenvolveu actuacións sobre a terra queimada. Sementaron herbáceas (gramíneas e leguminosas) e fixeron recollida e tratamento de sementes de varias especies. Este labor de campo serviu tamén para que rapaces e rapazas puidesen realizar un viveiro e secadoiro de especies arbustivas e caducifolias.

Para afondar na formación medioambiental, organizáronse roteiros divulgativos de cara a fortalecer os coñecementos de fitoxeografía e identificación de especies dos nosos montes, así como actividades de interpretación do patrimonio natural (medio físico e medio biótico) e cultural (histórico, etnográfico e arqueolóxico) . Neste punto, o programa incluíu a realización dunha análise dos impactos e as sinerxias do problema dos lumes noutros contornos: ríos, rías, atmosfera, saúde, etc, así como unha aproximación ao aproveitamento sustentábel do medio rural de Galiza. Por outra parte, realizáronse obradoiros de reciclaxe do lixo e consumo responsábel.

O obxectivo da Vicepresidencia era aproveitar esta iniciativa voluntaria para promover entre a cidadanía unha sensibilización e concienciación ambiental necesaria para a conservación dos valores naturais. Pretendíase que a participación nestas actuacións supuxese unha auténtica acción de educación ambiental, clave para incrementar máis o grao de conciencia ambiental da poboación.

TEHMAR

vodafone

TIENDA VODAFONE:

Avda. Arcadio Pardiñas, n.º 90 Bajo

27880 BURELA (Lugo)

REPSOL

Aceite Marino

Teléfonos: 982 58 02 54 (2 líneas)

Móvil: 667 49 39 69

670 50 60 66

Fax: 982 58 52 47

Avda. da Mariña, n.º 68 - B

27880 **BURELA** (Lugo)

REPARACIONES E INSTALACIONES ELÉCTRICAS, NAVALES, INDUSTRIALES, DOMÉSTICAS

ORDOÑEZ

MATERAL DE OFICINA S.L.

- SERVICIO TÉCNICO -

J. Navia Castrillón, 18

Teléfono: 982 56 01 65

27880 **BURELA** (Lugo)

Marqués de Sargadelos, s/n.

Teléfono/Fax: 982 58 01 58

27850 **VIVEIRO** (Lugo)

COLABORACIÓN TRANSFRONTEIRIZA ENTRE INSTITUTOS DE BURELA E GUIMARÃES

Iago Rodríguez Pena

O alumnado da materia de Lingua Portuguesa do primeiro curso de Bacharelato está a realizar un proxecto de intercambio con un centro de ensino secundario de Portugal, o Martins Sarmento de Guimarães.

Este intercambio consiste na creación e actualización dun blogue no que os alumnos dos grupos participantes deixan periodicamente as súas ideas e opinións sobre o racismo, a xenofobia e todas as outras cuestións relacionadas cos dereitos humanos.

Os coordenadores xerais deste proxecto son Gabriela Salgado, que pertence ao Posto Transfronteirizo de Información Xuvenil de Braga e Gustavo González que exerce idéntica responsabilidade na Oficina da Xuventude de Galiza en Tui. Ambas as entidades están integradas no proxecto Mobilitas, que promove a comunicación entre a mocidade comunitaria.

Desde os respectivos centros, ocúpanse de promover a participación de alumnos e alumnas a profesora Fátima Aguiar, docente de Historia en Guimarães, e o profesor de Lingua Portuguesa no IES Perdouro.

O blogue estará activo durante o presente curso académico e, no final dese período, proxéctase convivencia entre as dúas escolas nunha xornada de encerramento final do intercambio.

O enderezo do blogue é:
www.tdtiportugalgaliza.wordpress.com.

Oficinas Administrativas Lourenzá, C.B.

Avda. de Mondoñedo, 1
27760 LOURENZÁ
Teléfono: 982 121 229 - 982 122 007

Asesoría Fiscal y Laboral
Seguros

Gráficas ARFE

C/. O Río, 10
27880 BURELA
Teléfono y Fax: **982 580 504**
arfe@pymega.net

A túa imprenta

Qué é un ciclo formativo de Formación Profesional?

As ensinanzas de Formación Profesional organízanse en ciclos formativos de duración variable, en función da natureza da competencia profesional buscada en cada caso e da formación precisa para adquirila.

Un ciclo formativo centra o ensino e a formación nun conxunto de coñecementos e habilidades que constitúen un bloque coherente de Formación Profesional específica que completan a formación necesaria para exercer unha profesión.

Son ensinanzas con valor académico, conducentes a unha titulación, pero ao mesmo tempo teñen valor profesional; a especificación dos seus contidos establécese de acordo coas necesidades do mundo laboral. Teñen como finalidade proporcionar a formación necesaria para:

> Adquirir a competencia profesional características de cada título.

> Comprender a organización e as características do sector correspondente.

> Coñecer a lexislación laboral básica e os dereitos e obrigas que se derivan do traballo.

> Dispor dos coñecementos e das habilidades que se precisan para traballar en condicións de seguridade.

> Coñecer os mecanismos de inserción laboral.

> Afondar na autonomía, identidade e madureza persoal e profesional, de xeito que se poidan realizar futuras aprendizaxes e adaptacións ao cambio de cualificacións.

En resumo, os ciclos formativos poden ser definidos como "ensinanzas de estrutura modular e de duración variable que teñen como finalidade primordial preparar o alumno para o exercicio cualificado dunha profesión".

Lucía Rivas Ramos

MÚSICA: Novo Grupo de Burela

Árvore é un grupo musical formado por catro rapaces bureleses:

Iván Casas Fraga "Casas" é o batería. Ten 16 anos e un talento incríbel para a percusión. Del din os amigos: "É unha persoa coa que te podes chegar a rir moito. Se ten algo que che poda dar compartirao contigo sen ningún problema".

Imael Iglesias da Silva "O Mosto pequeno" é o guitarrista-solista. Ten 15 anos. Afirman que "é un rapaz con bo corazón, moi sociábel. Unha persoa sincera desas que non abondan moito hoxe en día".

Antonio Rozas Manín "Toni king" é o baixista e harmonicista. Ten 19 anos. Defíneno como "un rapaz alegre, maduro...en ocasións con pequenos brotes de inmadurez que o fan cercano, cálido... un ser excepcional".

Bruno Faustino Durán é o guitarrista rítmico e vocalista. Ten 18 anos. Posúe unha cualidade moi pouco frecuente: a de facer rir nos bos e malos momentos. O carácter ledo, inconformista, loitador e –por que non tamén?- zalamero fan de Bruno un profeta da amizade.

CANTO AO NOME DO GRUPO...

ÁRBORE en realidade é un topónimo, un nome de lugar. "A Árbore" é un piñeiro que está na beira das vías do tren, perto do novo paseo marítimo que vai á praia do Cantiño. Alí os membros do grupo e outros rapaces e rapazas amigos deles teñen pasado as noites de fin de semana tocando, danzando, cantando e rindo (acompañados dalgún que outro calimocho) e tendo de fondo como único medio de luminiscencia (a non ser que a lúa estea chea) o porto de Burela. Para eles é un lugar de reunión, de conversa, de esparcimento e inspiración e por iso lle brindan esta pequena homenaxe ao vello piñeiro amigo empregando o seu nome para identificarse como ÁRVORE.

CANTO AO TIPO DE MÚSICA QUE FAI ÁRVORE...

Os propios membros do grupo aínda non teñen moi claro o tipo de música que fan. Eles saben que entre sí non comparten os mesmos gustos musicais. Teñen claro, porén, que son creadores de algo diferente; xerme da fusión do estilo de cada un e que ese traballo colectivo si lles gusta. Non saben definir o seu estilo musical, pero recoñecen que o "San Benito" que a xente lles coloque é o que lles ha quedar. Por iso esperan ser definidos axiña por todos aqueles que escoiten ÁRVORE.

CANTO Á TEMÁTICA PRESENTE NAS SÚAS CANCIÓNS...

No disco "Rock en Burela" aparecen cinco temas de ÁRVORE:

No admitida: Unha canción de temática amorosa, melodía simple, letra espontánea. Saída directamente do corazón.

Já venhem: Unha canción totalmente diferente a todas as demais. Trata a temática social-patriótica. A súa melodía é complexa e ben elaborada, conta con moitos cambios rítmicos e melódicos. A letra está en lingua galega e ten de peculiar o modo de dicir como son as cousas: sen ningún tipo de tapuxo.

Dedicado a Nadie: Un tema en lingua castelá. Rápido. De temática amorosa, melodía simple e letra elaborada.

Aborrecemento, amor e tripis: Realmente son duas cancións: a) Aborrecemento: musicalmente é unha crítica ao xénero POP, pero a letra deixa entrever un sentimento de indiferenza cara o porvir; b) Amor e tripis é unha canción de amor e drogas; nela compárase o efecto alucinatorio que pode causar o LSD sobre un individuo coa confusión que en ocasións produce o sentimento amoroso.

El Cachorro, morfina y otros: Neste caso tamén son dous temas. El Cachorro y otros é o primeiro. A letra está en castelán e pode ser unha das máis "surrealistas". Mestura o tema da morte e do amor. A melodía e complexa e chea de cambios.

Morfina é a última e a dor é o tema que trata. Esta canción fala da dor en practicamente todos os ámbitos da vida: amor, marxinación, "evolución", sexo... É unha canción acústica e xunto a Já venhem e El cachorro y otros pode ser unha das cancións máis complexas musicalmente.

Ferretería El Puente

TODO EN FERRETERÍA
TODO PARA EL HOGAR

C/. Rosalía de Castro, n.º 11 - Tlf.: 982 58 05 17 - **BURELA** (Lugo)

C/. Rosalía de Castro, n.º 33 - Tlf. 982 58 56 43 - **BURELA** (Lugo)

ALMACÉN: DAYÁN, s/n. - Tlf. 982 55 75 38 - **CERVO** (Lugo)

ARMADORES DE BURELA S.A.

ABSA

RUTA DO ROMÁNICO POLA MARIÑA LUGUESA



Catedral de Mondoñedo

Século da súa construcción: XIII . XV

Tres elementos da portada: rosetón, arquivoltas e tímpano.

Tipo de planta: cruz latina.

Nº de naves: tres

Tipos de arcos e bóbedas:

Arcos: de medio punto e oxivais.

Bóbedas: de canón e cruceiría.

Elementos da decoración interior: pinturas, rosetón, columnas e órgano.

O que máis che chamou a atención e por qué:

O rosetón porque fai un xogo de luces impresionante.

Mosteiro de San Salvador de Lourenzá.

Que é un mosteiro? edificio onde viven ou viveron unha comunidade de monxes.

Escribe o nome doutros mosteiros galegos.

Santo Estevo de Ribas de Sil, Carboeiro, Oseira, Samos, Caaveiro, Valdeflores, Sobrado dos Monxes, Santa María de Meira...

Catedral de San Martiño de Pontevedra.

Escribe o nome de cinco elementos arquitectónicos relevantes que descubriras nesta catedral:

- Crismón.
- Tímpano
- Contraforte.
- Arquivoltas.
- Canecillos
- Arcos cegos.
- Ábsides
- Columnas.

Fai un debuxo da portada:



Ilustrarlo que seguimos na nosa ruta histórica xuntos cos puntos de interse que visitamos:





Roseton da



Catedral de Mondoñedo

« CAFETERIA »

Vista Alegre

- Sellado de Quinielas -

Teléfono: 982 58 08 54

Avda. Arcadio Pardiñas - 27880 BURELA (Lugo)

Atrezzo Café

C/. Pardo Bazán, 7

Teléfono: 982 58 60 40

27880 BURELA (Lugo)

Cervecería La Bodeguilla Jamonería

C/. Plaza da Mariña, 1

Teléfono: 982 58 63 06

27880 BURELA (Lugo)

Finalistas Portada Maruxía 2007

Xosé Manuel Iglesias García

Pechade os ollos e mirade ao mar...
sentides a Maruxía?
Mostrádenos ese cachiño de mar que levades no peito e desfrutemos xuntos das ondas bicando na praia.
Sorrídelle ao vento e saboreemos a nosa salgada pesenza en todo o mundo.
Denunciade a insensatez... e sintamos como a carraxe nos invade ao ver os nosos mares contaminados.
Calade e escoitemos o berro!
Lembrádenos que, como as mareas, os nosos veñen e van, e dan sentido ás nosas vidas.
Chorade, meus amigos!
Que se mesturen no mar as bágoas e acariñen aos nosos alá onde estean.



1. A PRESENZA DOS MARES. Adrián Claro Tellado.
A pureza interior, sempre dentro de nós. A auga é necesaria para a vida.



2. O NOVO BARRENDEIRO. Laura Chao Valle.
Se seguimos así, os piratas e os mariñeiros non poderán seguir traballando no mar; terán que buscar outra ocupación.



3. OS OLLOS DO MAR. Antía Saá del Río.
As mulleres dos mariñeiros esperan que os seus homes (ollos que están esparcidos polo mar) cheguen a terra. O mar non entende de raza, idade ou sexo: ante o mar todos somos iguais e este únenos a todos.



4. O MAR E AS SÚAS SENSACIÓNS. Lucía Barrera López.
O mar evoca diferentes e subxectivas sensacións en cada persoa: misterio, enerxía, pureza, vida e liberdade. O negativo non ten lugar.



5. NON Á PESCA ILEGAL. Diego Fernández Vázquez.
Por todo o mundo hai embarcacións que pescan ilegalmente.
As baleas e os golfitos son algunhas das víctimas.

6. O AMENCER DE MAÑÁ. Sara Otero Álvarez.
Evoca un futuro incerto debido ao estado medio-ambiental que atravesa o planeta.
Nós somos os culpables e resistímonos a poñerlle solución.



8. O MAR É O NOSO FUTURO. Santiago Henao Vélez.
O mar como medio de vida, a pesca como actividade económica na que se sustentan moitas familias e posiblemente xeracións futuras. É necesario coidalo.



9. O ACUARIO. Iria Álvarez García.
Ás veces as persoas sumérxense noutro mundo para esquecer os problemas, pero en realidade estanse a enganar a si mesmos.

10. VIAXE MARIÑA AO PASADO. Miriam Fdez. Rodríguez.
No mar tamén pasa o tempo.
Temos que garantir a continuidade da cadea, de xeración en xeración.

11. AS MAREAS. Raquel San José Díaz.
Vegetación mariña. Movemento das mareas. Matices das cores... e no fondo a solidez das rochas.



12. LUZ NA ESCURIDADE. Mariela Fernández Martínez.
Cando miramos ao mar e vemos un barril ou un plástico na auga, non nos sorprendemos nin escandalizamos porque estamos acostumados a velo todos os días.

13. ESCURIDADE, OS PEIXES. Sara Fachal Bugarín

No fondo do mar hai un universo. Descoñecido e maravilloso. Exótico e aterrador. Moi divertido. Cheo de cor.



14. SOFT HARD. Yésica Expósito Casabella

Un barco de vela, navegando por un mar con tres tiburóns e un faro iluminándoo. É a proba da miña admiración por Kandinsky.

15. MIRADAS NO PROFUNDO. Susana Fernández Rodil.

Hai diferentes formas de ver o mar...



16. O MAR PIDE AXUDA (Personificación do mar). Cristina Rega Villarejo.

As ondas: o reclamo contra a contaminación.
O ceo: o muro que dificulta a saída.
O sol: o observador impotente.

María Mariño

María Mariño Carou é unha figura singular no contexto da literatura galega pola obra, pola biografía, pola recepción. Vinte e sete anos separan a publicación do seu primeiro libro Palabra no Tempo da edición de Verba que comeza. Ao longo dese tempo creouse arredor desta escritora un veo de misterio, alimentado polo seu afastamento do mundo literario.

Naceu en Noia no ano 1907. Filla de Xosé María Mariño e Filomena Carou, era a cuarta de cinco irmáns. A súa infancia e xuventude nesta localidade están marcadas polas dificultades económicas da familia, uns anos -poucos- de escola e logo traballa como costureira polas casas. As amigas lémbrana como unha persoa estraña e solitaria. O traslado a Escarabote (Boiro), onde unha tía súa traballaba de cociñeira no Pazo de Goián, que tiña unha boa biblioteca, permítelle o acceso a algunhas lecturas. Ese descoñecemento da cultura libresca é un dos aspectos subliñados por Uxío Novoneyra, ao insistir na orixinalidade da súa escrita.

Casa en Boiro co mestre Roberto Posse Carballido e despois dun breve período de tempo no País Vasco regresan a Galicia.

Trala morte do seu único fillo ao mes e medio de nacer, instálanse, por motivos de traballo, prrimeiro en Romeor do Courel e logo en Parada, a onde se trasladan por consello médico a causa da depresión nerviosa que sofre a escritora. Neste lugar pasará María Mariño o resto da súa vida, fai algunha viaxe a Noia e Monforte e as vacacións nos últimos anos na cidade da Coruña. No Courel coñece a Uxío Novoneyra, quen promove a publicación do seu primeiro libro. Palabra no Tempo edítase no ano 1963 na colección "Tesos Cumes" da editorial Celta. No prólogo Ramón Otero Pedrayo saúda a "revelación dunha intimidade impresionante do ego da escritora cas cousas, de un desvelamento e senso tráxico do ser do tempo na serra". María Mariño comezara a escribir seis anos antes, primeiro en castelán, logo en galego.

Sen apenas relacións no mundo literario, o illamento e a marxinalidade que caracterizou en moitas ocasións o labor creativo das mulleres condicionou a recepción da súa obra, mesmo chegou a suscitar nalgún momento dúbidas sobre a súa existencia e a autoría dos poemas. Creación singular no contexto da literatura galega, a escrita de María Mariño non obedece ás normas, a súa é unha poética crebada que tensa e racha a lingua á procura da voz que exprese ese "raro e valiosísimo mundo escuro" que, en palabras de Xosé Luís Méndez Ferrín, constitúe a súa obra.

Habería que agardar 27 anos desde a publicación de Palabra no Tempo para que se dese a coñecer o seu segundo libro; unha edición promovida por Uxío Novoneyra e Antón Avilés de Taramancos e publicada polo Concello de Noia. No volume Verba que comeza recóllese unha ampla mostra dos poemas escritos por María Mariño no último ano da súa vida, enferma xa de leucemia. Antes, de acordo cos datos facilitados por Uxío Novoneyra, escribira dúas obras en castelán que non se coñecen: "Los años pobres. Memoria de guerra e postguerra" e "Más allá del tiempo". No ano 1994 Edicións Xerais publica a Obra Completa.

Unha poética radicalmente intimista e unha linguaxe rupturista caracterizan, segundo Carme Blanco, estudosa da súa obra, a escrita de María Mariño. Unha personalidade literaria que se sitúa nas marxes do canónico no seu tempo. A súa figura suscitou e segue a suscitar interpretacións diversas. Unha mirada embazada durante moito tempo polo descoñecemento da súa vida e a desconfianza do proceso de escrita da súa obra.

Os seus restos mortais repousan no cemiterio de Seoane do Courel.

Autora da biobibliografia: Ana Romaní

Obra de María Mariño

Palabra no Tempo, Editorial Celta, (1963)
Verba que comeza, Concello de Noia (1990)
Obra Completa, Edicións Xerais (1994)

PINTURAS EXTERIOR E INTERIOR
ESTUCOS E ALTA DECORACIÓN
TARIMA FLOTANTE

Teléfono: 630 766 434

CERVO (Lugo)

Tel. 982 55 76 08
Fax 982 55 77 42

Delegación de Viveiro: Teléfono y Fax: 982 57 03 28

Premio para Proxecto de Innovación Lingüística

Unha resolución conxunta da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e a Secretaría Xeral de Política Lingüística outorgou no pasado mes de decembro os premios a proxectos de innovación lingüística en lingua galega para centros de titularidade da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Dos catro proxectos premiados, dous recaeron en centros da Mariña: un foi o presentado polo IES Perdouro e outro o do IES Porta da Auga de Ribadeo.

O proxecto do IES Perdouro indica que a poboación burelesa presenta un dos máis elevados niveis de uso espontáneo do noso idioma en todo o país e que nos patios do instituto e nos locais de ocio frecuentados pola mocidade o galego é a lingua ambiental imperante. Con todo, tamén sinala que o elevadísimo nivel de uso espontáneo da lingua galega contrasta coa ínfima presenza no código escrito.

Esta intervención educativa está orientada a conseguir a visibilidade social do galego e ao fornecemento de modelos de redacción que contribúan a incrementar a súa presenza na vida de Burela. Para conseguilo, o proxecto propón:

1. Localizar e compilar documentos emanados da sociedade civil burelesa (convites de celebracións, necrolóxicas, actas de reunión de colectivos culturais e deportivos, etc.)

2. Catalogalos e clasificalos co fin de elaborar un arquivo documental do galego escrito.

3. Divulgar a súa existencia mediante unha exposición e crear un sitio web ao que se poida acceder para consultar os fondos ou para conseguir documentos-modelo de diferentes tipos de texto.

Baixo o título de "Normalización do galego na hostalaría ribadense", o IES Porta da Auga presentou un proxecto coordenado por Anxo Martínez (ex-profesor do IES Perdouro). Con esta iniciativa pretenden a elaboración de material escrito en galego destinado á hostalaría local (cartas de menús, salvamanteis, autocolantes...).

TECNOLOGÍA ELECTRÓNICA
DE COMUNICACIONES Y NAVEGACIÓN, S. L.

TECNAV, S.L.®

C/Curros Enríquez,12 - 27880 BURELA (Lugo) - C.I.F.: B 27228204
Tfono.: 982 581031 Fax 982 581312 E-mail: tecnav@tecnav.es

LLOYD'S REGISTER QUALITY ASSURANCE · ISO9001
UKAS QUALITY MANAGEMENT 001
Nº:E204253

FURUNO®
ELECTRÓNICA MARINA PROFESIONAL

TECNAV- SUMINISTRA E INSTALA LA ELECTRÓNICA DEL B- ARCA DOS

academia reyes
centro de formación

CURSOS
@ mantemento do pc
@ redes de área local
@ sistemas operativos
@ programación
@ deseño web
@ ofimática
@ internet
@ deseño gráfico
@ vídeo dixital
@ autocad
@ mecanografía
@ contabilidade
@ nóminas
@ facturación
@ cursos especiais para nenos
@ cursos a medida para empresas

@ matrícula gratuíta
@ cursos personalizados
@ grupos reducidos
@ ordenador por alumno
@ horarios flexibles
@ diploma acreditativo
@ aula de prácticas gratuítas

Rúa Emilia Pardo Bazán, nº 30 - Burela
982 58 12 48 - 616 58 39 04
academiareyes@terra.es

informática piqueras
venta de equipos informáticos
servicio técnico

Rúa Emilia Pardo Bazán, nº 30 - Burela
982 58 12 48 - 616 58 39 04
miguelpiqueras@terra.es

VIAXE A LUGO

ALUMNOS/AS DE CULTURA CLÁSICA 4.° DE E.S.O.

Os días 16 ,17 e 18 de abril tiveron lugar na cidade de Lugo diversas obras de teatro grecolatino que perviven no tempo e nos chegan da mesma man dos escritores que as escribiron, hai xa máis de 2000 anos. Estas obras foron representadas no auditorio Gustavo Freire.

Nós, algúns alumnos de Cultura Clásica de 4°ESO e Bacharelato, tivemos o privilexio de presenciar dúas destas obras de man do grupo "Sardifia", formado por escolares da Coruña da nosa mesma idade.

Saímos da estación de autobuses de Burela ás 9:OOh e chegamos ao auditorio en tomo ás 11:15h. Alí atopámonos cun nutrido grupo de alumnos de todo España que agardaban con impaciencia o comezo da representación da pnmeira obra do día: "As Troianas" de Eurípides.

"As Troianas" é unha traxedia escrita no século I a.C. Esta historia conta as desgrazas das mulleres troianas que, rematada a guerra de Troia, foron sorteadas e condenadas a unha vida de escravitude como prisioneiras dos dirixentes do exército grego.

Rematada a obra, fomos ás Termas Romanas, pasando polo camiño por unha ponte romana. Nas termas puidemos observar dúas estancias diferenciadas, o *apodyterium* (vestiarios) e outra que posiblemente fose o *caldarium* (baños cálidos) ou o *tepidanum* (baños temperados).

Logo da nosa estancia nas ben conservadas termas, dirixímonos cara o centro comercial o cal, como por coincidencia, tamén se chama "As Termas". Ah tomamos un frugal xantar e as dúas horas seguintes disfrutamos de tempo libre polo centro comercial.

Ás 16:30 marchamos de novo cara o auditorio, para presenciar, esta vez, "Os Xemelgos" de Plauto. A obra, escuetamente resumida, sería así:

Tempo atrás vivía en Siracusa un comerciante que tiña dous fillos xemelgos, os dous chamados Menechmo. Un bo día levou a un deles ao mercado da cidade de Epidamno e alí, entre a multitude, perdeuse o rapaz e dende aquela quedou a vivir nesta cidade. Pasan os anos e o seu irmán chega a Epidamno na busca do seu xemelgo. Este será o comezo dunha sucesión de disparatadas aventuras propiciadas pola semellanza dos dous irmáns.

Tras adicarlle un caloroso aplauso ao grupo "Sardiña", saímos do auditorio e marchamos cara o Museo Provincial de Lugo, onde atopamos un mosaico que representaba a fuxida de Dédalo e Icaro do labirinto de Creta. Cando observamos detidamente as diferentes estancias do amplo museo, emprendemos a viaxe de volta. Esta fixosenos curta e cando chegamos a Burela eran as 21 :OOh pasadas.

Aínda que quizais demasiado breve, levamos un grato recordo desta fantástica e didáctica viaxe.

INSTALACIONES
A. TROBO, S.L.

27880 BURELA
Teléfonos: 982 58 00 63
670 06 35 36
Fax: 982 58 63 85
José M.ª González Río, 10

- INSTALACIONES INDUSTRIALES
- INSTALACIONES: FONTANERÍA - CALEFACCIÓN - GAS
- INSTALADOR DE PRODUCTOS: Roca, Saunier Duval, Vaillant, JUNKERS, FAGOR

Entrevista a...

Elviriña López Neira, a beleza galega de 1970

"Fun unha rapaza rebelde e das primeiras que me atrevín a lucir biquini en Foz, que comprei por catálogo en Galerías Preciados"

Lucía Barrera López

Elviriña, como a ela lle gusta que a chamen, natural de Foz, aos seus 58 anos segue a manter o atractivo que a levou a ser a raíña da beleza galega no 1970. Cunha graza que estivo a piques de facela a máis "simpática" de España(título que xa se podía acadar por aquel entón no certame), esta redeira focense préstasenos moi gustosamente a todo o que queiramos saber sobre o camiño que a levou a participar en Cádiz no certame de "Miss España 1970". Pregunten vostedes...

Elviriña lembra cun sorriso aqueles días...

–Por que te presentaches ao certame?

–Non foi coa intención de ser modelo. Cando eu era pequena, ao lado de onde eu vivía, había un recinto onde se instalaban os circos que percorrían Galicia e a min enlouquecíanme todas as súas acrobacias,... era fantástico. Asistir a aqueles espectáculos convertíase na miña afección favorita dende que tiven esa paixón pola moda.

- Entón, como te sentiches ao ser seleccionada a máis fermosa de Galicia?

- A verdade é que todo xurdiu por coincidencia. Nun baile de verán en Foz, aos que ía con frecuencia porque me gustaba bailar, escollían a Miss Foz; entón, resultou que me elixiron a min. Pasei a fase provincial, onde resultei gañadora co título de "Miss Lugo" e "Miss Primavera", ata que... cheguei a Miss Galicia! Todo era incrible! Tivera que ir á televisión de Galicia, a un programa presentado polo (un pouco cambiado) X. Manuel Piñeiro. E ao plató, cando me dixeron que tiña que saír da man de Máximo Valverde, que era o personaxe invitado do día no programa... ata cheguei a renegar para saír da emoción que tiña no momento.



ADRIÁN CANOURA SÁNCHEZ

HIGINIO LOMBARDÍA LORENZO

MARTA PERNAS EIJO

TANIA MENÉNDEZ GARCÍA

- Que pasou, como te sentiches cando chegaches á última fase (Miss España) celebrada en Cádiz?
- Cando chegamos e me identificaron como Miss Galicia, dixéronnos a todas que tiñamos que desfilar pola rúa. Aceptamos e, cando vimos a toda aquela xente, non o criamos. Aínda hoxe penso que todo foi un soño... E é que cando me contaron que o meu fotógrafo persoal andivera repartindo fotografías miñas por Cádiz... mira ti porque me solicitaban tanto no desfile...
Logo, estivemos en Cádiz durante unha semana visitando lugares importantes da rexión. E cando chegou o día "verdadeiro", todas éramos un feixe de nervios.

- Cal foi a roupa coa que che indicaron que tiñas que desfilar?
Pois, case ven sendo o mesmo ca hai agora, mais, na vez do biquini, desfilamos en roupa de baño, traxe rexional, traxe de noite e un conxunto branco que cada unha de nós tiña diferente. O meu era unha camisa cunha soa manga e unha saia polo xeonllo, tamén branca.

- E... unha pregunta curiosa, xa daquela o 90-60-90 era sinónimo de beleza?
- Ui... se eu che contara. Ese tópico xa estaba arraigado. Todas estabamos "nos ósos" por mor da fermosura e eu vinme envolta nesa febre por adelgazar. Que tolería cando o penso! Agora doume de conta de que iso é unha pallasada. Unha é como é, non se trata de ser un estereotipo, aínda que en calquera dos "influentes medios de comunicación" que temos agora no lo amosen.

- Unha pregunta un tanto "peculiar" pero que sempre nos interesa... xa daquela había os típico rumores de "esta gaña"?
Pois abofé, aínda que non o pareza. A gañadora recibira un telegrama días antes da celebración do certame... e os seus asistentes persoais (perruqueiros,

- E, xa no concurso, cóntame, cóntame..., que persoeiros formaban parte do xurado?
- Para ser daquela, xa contabamos con persoas famosas, que ademais coñecín persoalmente. Estaban no xurado, por exemplo, un novísimo Julio Iglesias, Sara Montiel cunhas primaveras menos, Luís María Ansón, Paquita Rico... todo un luxo para quen era eu, polo menos!

- Á parte destes, coñeciches algún famoso máis que compartira contigo momentos especiais?
- O mundo é un pano: compartín cuarto con Miss Madrid, que daquela era Marita García... hoxe Bárbara Rey!. Ela comentoume, cando todo rematou; que eu merecera un posto de dama de honra; pero, en realidade, quedei de oitava cando só se escollían sete candidatas na final. Non estivo nada mal!! Aínda hoxe lembro con nostalxia eses días para min inolvidables e que repetiría sen dúbida algunha...

AUGAMAR PUZZLES

Find out 8 words related to the sea in the following grid:

R	E	S	T	S	T	S	H	A	R	K
T	S	A	I	H	U	O	C	Z	A	H
F	I	S	H	I	N	G	R	O	D	S
B	A	R	C	P	A	C	A	E	S	I
O	C	T	O	P	U	S	B	O	B	F

Complete the crossword with the words on the right:

Mussel
Emotions
disco
boat
torch
camp
seafood
sun
sports

Now, won´t you guess this puzzle or hieroglyph?
On the catamaran, some of us tried ..... for the first time in our lives.

+ YOU AND ME + Regular verbs



Yésica, Sara F., Marta, Borja, Lucía and Rocío
3º es

THE SCHOOL TRIP TO AROUSA

OUR CATAMARAN EXPERIENCE

We left O Grove on a catamaran. The boat had two decks located in each of the keels. At first, we sat on the upper deck to contemplate the species under the sea and the rich beds of mussels. We could even see dolphins. Later, we could watch them from the Aquavision, a special room with a huge glass under water. During the visit, the officer on board explained the different machines on the boat.
We were taught about the species of seaweeds; we could even eat some of them.
It was a great and enjoyable experience.

Adrián, Diego F., David F., Mario, Félix
3º eso A

EVENING ACTIVITIES

Activities were programmed for the evenings after dinner. On the first evening, we had a song contest. The winners sang Xabarin Club´s songs, which made their performance very funny. On the following day, we enjoyed playing the game "Pirate Quiz". The monitors dressed up as pirates and we had to find out the pair of "odd pirates" among them. Eventually, they were the cook and the doctor. On the last evening, we had a farewell festival in which all the students and monitors had to perform in a karaoke and dance. That was the most exciting night of all because we stayed out late.

Jacobo, Rebeca, Makena,Ismael,Sara, Cristina, Borja
3º eso B

FUNNY EXPERIENCES DURING THE EXCURSION

TOOTHPASTE AND A NEW USE FOR IT

After a tiring day and coming into the boys´s hut, one of the boys took off his shoes... What a terrible smell! It started to smell really badly all over the place! The "survivors" of this misadventure could tell us what that boy eventually did to avoid this embarassing situation: He took out his "Licor del Polo" toothpaste and brushed his feet with it while another schoolmate threw the stinky trainers away. Not even the monitors could stay in the room because of the horrible smell.

FALLING DOWN A BUNK BED

One of the girls was lying in bed when, suddenly, she saw a mosquito. She asked for a slipper to kill it immediately. Down the bunk bed the other girl fell as she was trying to reach her slipper.
Bunk beds are certainly not a safe place to catch a mosquito.

Iria, Inés, Laura, Uxía, Antía
3º eso A

MISCELLANEOUS NEWS BRIEFLY

Commenting on newspapers´ headlines and giving an article a moral turn using a proverb.

HEALTH

A malaise for the modern worker: workaholism

When a person has a steady job, he has amotional and economical stability, and sometimes, satisfaction. But this may become an obsession and may produce the opposite effects. A job is not the most important thing in life. Perhaps , the best way to be happy is to have an easy life and not to become a workaholic .
"ALL THAT GLITTERS IS NOT GOLD", bear it in mind.
(Written by Guillermo Vizoso, 2º bac. B)

MORAL DILEMMAS

Catholic hospital allows terminally ill woman to have respirator pulled

Last March, 20th, a Catholic hospital in Sevilla decided to respect the will to die of one of its patients. The controversy started when a terminally ill woman asked the doctors to unplug the machines that kept her alive. Hospital directors, under pressure by the patients´family, decided to let her die : It is not ethical to let people suffer so much against their will.
To sum it up, we should respect the rights of people when they wish to live or die.
Remember the maxim: "LIVE AND LET LIVE.
(Written by Juan Carlos Garcés, 2º bac. B)

ENVIRONMENT

Brussels demands bigger cuts in Spain´s carbon dioxide emissions

Brussels demands bigger cuts in Spain´s carbon dioxide emissions because Spanish factories contaminate the air and their fumes even go as far as Belgium. As a result, the European Union Parliament demands bigger cuts in Spain´s emissions to the atmosphere.
Keep it in mind: BETTER LATE THAN NEVER.
(Written by Jairo Mandiá, 2º bac. B)

INTERNATIONAL

Mali: The new training ground in Al Qa´ida´s war against the West

Mali, another islamist country has joined to Al Qa´ida´s Yihad against the western world. It´s probable that thjs change in Mali´s intetions is caused by the selfishness of rich countries, which do not help Islamic countries with their bankrupt economy. So, if we do not want terrorism to spread to more countries, we´d better change our policy with underdeveloped countries right now or, otherwise ... we would
LOCK THE STABLE AFTER THE HORSE HAS BEEN STOLEN.
(Written by Luis Mourelle, 2º bac. B)

CULTURE

A "Happy moment" for Spanish cinema in Los Angeles

The film directed by Guillermo del Toro " Pan´s Labyrinth" won the Academy Awards for Art direction and Cinematography. The fact that it was nominated for six awards and that it only won three is a somewhat disappointing result.
But in Hollywood, once again it´s clear that " BIG FISH EAT LITTLE FISH".

(Written by Ismael García, 2º bac. B)

COÑECENDO O



CONCELLO DE BURELA

A IGREXA DA VILA DO MEDIO VISTA POR DÚAS ALUMNAS DE 1º DE ESO

IGREXA DA VILA DO MEDIO

A porta é cadrada, na espadaña hai tres campás. Ao redor desta habría un viacrucis. Ao entrar, a nosa dereita, hai pinturas góticas do século XV e XVI, á esquerda está o púlpito, o confesionario, e unha pía cunha planta dentro, máis un retábulo.

Pola esquerda do altar entramos á sacristía onde atopamos, potos antigas, distintas vestimentas do sacerdote, sillas e algunhas caixas.

A dereita entre o retábulo e unha especie de atril, atópase un barco colgado do teito, é unha ofrenda a Deus por parte dunha persoa en sinal de agradecemento.

(Ivonne Andrea Marín Otero 1º A).



A igrexa está dividida en dúas naves que están separadas por arcos. Na central atópase o altar cun retablo decorado cunha imaxe de San Pedro coas chaves do ceo e con outra de Xesús máis un año. Tamén ten un púlpito de pedra non utilizado. Ao fondo desta nave hai unha imaxe de Xesús co corazón, María, Xosé e enriba Deus Pai. No lado dereito hai unhas pinturas antigas.

Na outra nave atópase un confesionario e un ambón. Tamén podemos ver imaxes da Virxe de Fátima, de San Inocencio que foi o único santo canonizado da Mariña. Atopamos tamén os escudos da cofradía de pescadores de Burela, o de Burela e o da Virxe do Carme. Non é unha igrexa moi grande pero conten cousas con valor histórico.

(Nélida Fdz 1º ESO A)





Nélida Fernández (1.º A)

YONG FEN: UNHA COMPAÑEIRA ASIÁTICA

ANTÓN NIÑE FERNÁNDEZ

Son moitos os alumnos e alumnas que ao longo dos anos pasaron polas aulas do noso instituto. Desde un primeiro momento, o centro viu corno a matrícula se abría, non só para a vecindade de Burela, senón tamén para os pobos do arredor. A comarca de A Mariña fol medrando e nas parroquias e vilas foron asentándose familias de distintas procedencias de toda a Península, facendo que o instituto se nutrise con xente moza que viñan de diferentes provincias e comunidades. Pero, ao igual que no resto de España, a inmigración tamén se fixo presente entre nós e, pouco a pouco, foi frecuente ver nas nosas rúas persoas doutros países e continentes: Portugal, Francia, Suiza, Cabo Verde, Marruecos, Perú, Colombia, Brasil

No presente curso ternos unha novidade moi agradable: por primeira vez contamos nas nosas clases cunha compañeira asiática. Chárnase Yong Fen e naceu en China.

E a revista "Maruxía", no seu intento de informar e ser un voceiro da vida académica, social e cultural do centro, abre as súas páxinas pedíndolle que nos fale algo dela e do seu país. Isto é o que nos di:

Chámome ...Yong Fen Liu.....e teño ...14..... anos.

Meus pais chámanse ..Ai Guo Liu y Ai E Wu.....

Teño ....1..... irmáns, que se chaman ...Zheng Yong Liu.....

Nacín nun pobo/cidade que se chama ..Qingtian.....

Situado ao (Norte, Sur , Este, Oeste) de China sureste

A miña lingua materna é ...chino.....

Ten .100.000..... habitantes, que na súa maioría se dedican a ..agricultura.....
..industria, gastronomía.....

.....

O máis característico é (monumentos, lugares de interese) ..paisaje, monumentos
..antiguos.....

.....

Cheguei a España no ano ...2002..... e a Burela ...2006.....

Meus pais traballan .en un comercio.....

.....

O que máis me gusta de España é ..comidas...fiestas , costumbres.....

.....

De Burela ..tranquilidad...praya...y...paisaje.....

.....

Do Instituto ..sistema de enseñanza, amables profesores.....

.....

Diferencias entre Burela é o meu pobo: lingua, xantar, festas , costumes,diversión .....

..lengua, fiestas, costumbres, diversión, comidas.....

O teu pobo Qingtian.

¿A que provincia pertence? ..Zhe jian.....

¿A que rexión pertence? ..Li shui.....

¿Que tipo de agricultura produce? ..Arroz, harina, maíz, algodón.....

.....

.....

¿Que tipo de industria hai? ..Moda, alimentos, artículo manual.....

.....

.....

Gastronomía típica .....

.....

.....

Monumentos antigos. Di varios exemplos

..Templos antiguos.....

.....

.....

O teu colexio

¿Como era? Grande, había muchas clases.

¿Cantos alumnos había? 500 alumnos aproximadamente

¿Que asignaturas tiñas? Lengua, matemáticas, conocimiento artística, educación física, música

Yong Fen, poderías escribirnos algunhas palabras en chino?:

Bos días 早上好

Boas tardes 下午好

Auga 水

Sol 太阳

Día 白天

Noite 晚上

Amigo 朋友

Paz 和平

Europa 欧洲

España 西班牙

Galicia 加利西亚

Burela 保莱拉

Moitas grazas pola túa amabilidade

非常感谢你的亲切

A POZA CORSARIA

Cando eu era nena, viviamos nunha pequena vila mariñeira das Rías Altas. Polas mañás o cheiro a mar, tan fresco e salgado, entraba pola miña ventá xunto cos raios do sol que anunciaban un novo día. Era ollar aquela inmensa masa azul- cristalina e encherme de enerxía, evadíndome ata o punto de escoitar pequenos acordes rítmicos, nun modo menor, compasados ao son da brisa que azoutaba lenemente os meus cabelos. Cada mañá ofrecíalle unha pequena chiscadela sen que se decatase de que o estaba a mirar.

A min sempre me gustou moito o mar, facíame sentir cousas inexplicábeis e máxicas, polo que verán ou inverno, non había día que non baixase polo vello camiño empedrado que levaba á praia. Era unha estreita congostra chea de pequenos e duros coios que dificultaban aínda máis o acceso a través del, por iso, moita xente ignoraba este atallo, e eu tampouco lembro como o descubrín. Foi a propia intuición, nun deses días que pensas que sairá algo inesperado moi útil para un determinado momento.

Un día, nada máis chegar á area, quitei as chancas e respirei profundamente mentres camiñaba. Contemplaba as fermosas formas mariñas esculpidas polo mar durante tanto tempo, ese mar embravecido que azouta con forza as nosas costas. É coma se lle dese apertas de agarimo e morriña ao mesmo tempo. Logo, seguín camiñando ata chegar á Poza do Normandeiro.

Era esta unha poza ben grande e non moi profunda, onde nos bañabamos os cativos no verán. (Era un verdadeiro espectáculo ver as pingas subir polos aires.) O seu nome viña de lonxe, nin os máis vellos da vila lograban recordar a súa orixe, perdían a conta despois de chegar a seus avós, aínda que tiñan uns recordos febles da súa mocidade non atopaban o cabo principal da historia.

Un día de inverno frío e húmido coma calquera outro, decidín aproveitar as poucas horas de luz que hai por eses tempos, e baixei á praia, porque quedaba relativamente preto por aquela pequena congostra. Os pensamentos que divagaban pola miña mente eran naqueles intres os do exame de Historia que tiña ao día seguinte, pero sen darme nin conta, os meus peíños pequenos e nus leváronme á poza. Foi a propia inercia. De súpeto, algo fixo que un calafrío me percorrese enteiriña e pensei que sería o comezo dunha pesada gripe polo que non lle dei importancia. Eu, aínda agora acostumo a sufrir de cotío algunha que outra afección á gorxa ou ao nariz, por iso non me impresionou e continuei o traxecto previsto.

De alí a uns intres, atopábame fronte á poza e, sen querer, o sol, a modo dun riso, deixou pasar un débil raio de sol por aquelas espesas nubes grises cun pequeno toque de brétema; para unha paisaxe de postal. Grazas a este, descubrín ante os meus ollos que algo brillante repousaba baixo as augas da poza. Alí, sobre a area mesturada con pequenas cunchas de animais, escintilaba; ante os meus olliños verdes... había algo do que non podía apartar a vista.

Achegueime un pouco máis, refreguei os ollos coas mans para comprobar que estaba no certo, e deseguido comprobei que se trataba dunha chave toda enferruxada. Boh!, tanto misterio para atopar unha simple chave? – dixen para min, aínda que para os meus adentros estaba nerviosa e ao mesmo tempo ditosa e entusiasmada.

Dei media volta e seguín paseando cando me decatei de que tiña a chave na man, colléraa? Tanto tiña, como non me apetecía volver atrás, aperteina ben forte e seguín o meu andar pensando no uso que lle ía dar.

Comezou a chover. Mirei ó ceo e comprobei que era só unha pequena nube cincenta que deseguido pasaría. Afastábame moito do camiño empedrado, así que metinme nunha cova e tiven sorte porque era unha das miñas preferidas, e das máis grandes. Sentei na fría pedra do fondo, despois de todo aínda había bastante luz alí dentro e non tiña ningunha présa.

De súpeto sentín un inaguantábel cansazo e non puiden resistirme a deitarme sobre a area húmida. Sentín unha sensación estraña ao pousar as costas, pero logo me afixen á temperatura daquel chan.

Non sei por que mirei á parede, nun retento, pero o caso é que me sorprendeu ver unha fenda moi rara. Tiña forma de...de...de pechadura!! Case instantaneamente, collín a chave e introducina alí, entraba! O meu corazón batía aceleradamente e a boca secáraseme. Non daba creto ao que me estaba a pasar naqueles intres da miña existencia. Estaba eu, unha rapaza coma calquera outra, a piques de descubrir un tesouro?, Que sería?, Serían xoias? Toda a miña ilusión esvaeceu cando alí só había un pequeno e relucente montón de moediñas de ouro xa moi vellas, polo que puiden observar na súa marcaxe, e no medio del atopei un papel enrrugado e amarelento no que se debuxaba unha especie de mapa descolorido e estas palabras:"Quérote Johann", e logo unha rúbrica que máis ben parecía un garabato. Johann era un nome inglés, sabíao por un libro de contos que me regalara o meu tío; porque sabía que me encantaban esas cousas. E... quen había por alí cun nome inglés? Ninguén que eu lembrase.

Naqueles minutos nos que nada era o que parecía, un arco da vella lucía fermoso no ceo invernal, mentres eu seguía as indicacións daquel misterioso pergamiño. Tan concentrada estaba que me sorprendín ao ver que o mapa me levara ata a Poza do Normandeiro. Aquelo era unha tomadura de pelo! Seguramente sería unha parvada dunha desas rapaciñas de quince años que sempre estaban namoradas, si, seguro. Non me cadraban aquelas indicacións. Voltaba ao lugar de orixe!!!

A pesar do meu enfado, situeime xusto onde me pedía o mapa. En fronte de min só había area e máis area. Como por inercia, púxenme a cavar coas mans co afán de atopar algo bo despois de tanta desilusión. Cando o meu desgusto e a dor de brazos se facían inaguantábeis, dei con algo duro. Logo de moitos esforzos, saquei unha caixiña vermella. Collina na man; respirei fondo; pechei os ollos; abrina lentamente, e mirei o contido. Alí, no medio dun farrapo vello agochábase un colgante no que adornaba unha preciosa e branca perla que tiña un corte en forma de media lúa.

O meu asombro era tal que non o oíra chegar ata que notei a súa man no meu ombro. Avó? Como sabía ...? Que facía...? Milleiros de preguntas viñeron a min e foron contestadas cunha palabra súa, "Senta".

Tapoume coa súa chaqueta de la e comezou:

"Houbo unha época de caos, reis e ouro na que os soberanos do mar eran os piratas e corsarios, sobre todo. Os máis famosos eran os ingleses, que atacaban ós galeóns españois no seu traxecto dende as Américas.

Os piratas eran coñecidos pola súa crueldade e saqueos, ademais dos mapas e os tesouros.

Unha mañá de abril, un barco inglés chegou ás nosas costas e atormentaron á poboación cos seus coitelos e pistolas. Pero Carolina, unha rapaciña da vila, fíxose moi amiga dun dos borrachos corsarios e namoráronse. Eran felices e coidaban de que ninguén soubese do seu romance. Un día, estando os dous na cova onde atopaches o mapa, el regaloulle esta perla que roubara do tesouro do seu capitán. Ela, moi leda, colgouna do seu pescozo cando unha chea de berros e un renxer de espadas entrou na cova. O capitán e a tripulación, armados ata os dentes, colleron a Johann. Comezaron a falar nun idioma moi raro para a rapaza mentres a el lle pegaban ao oír a resposta.

Carolina, presa da angustia, lanzouse para protexer a Johann pero agarrárona dous dos mangallóns piratas. Ao intentar soltarse, a perla sobresaíu do seu peito e o capitán, agarrándoa, obrigouna a deitarse, alzou a súa espada e zas! O intento por cortarlle a cabeza fallou ao tropezar a espada coa perla. Era terríbel pensar que anos atrás naquel mesmo lugar tiveran lugar eses feitos.

Cando aterrei no tempo presente daquela analepse temporal que vivín por uns intres, pechei a caixiña e metina no peto. Agarrei a man de meu avó e marchamos camiño arriba sen falarmos nada...

Lucía Barrera López
3º ESO B

OFERTA EDUCATIVA 2007-2008

MATRÍCULA ESO e BAC:

do 25 de xuño ao 10 de xullo

do 1 ao 10 de setembro

Ciclos Formativos de Grao Medio e Superior

Admisión: do 17 de xuño ao 2 de xullo

Matrícula: A continuación ata o 31 de xullo

ESO

BAC

PGS

CICLO MEDIO EQUIPOS ELECTRÓNICOS DE CONSUMO

CICLO MEDIO MECANIZADO

CICLO MEDIO PERRUCARÍA

CICLO MEDIO XESTIÓN ADMINISTRATIVA

CICLO SUPERIOR ADMINISTRACIÓN E FINANZAS

CICLO SUPERIOR DE DESENVOLVEMENTO DE PRODUTOS ELECTRÓNICOS

http://centros.edu.xunta.es/iesperdouro

IES PERDOURO
Rúa do Instituto s/n
27880 Burela
Telf.: 982 57 50 98
Fax: 982 57 50 97
http://centros.edu.xunta.es/iesperdouro

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo

ies perdouro



EXPLOTACIONES CERÁMICAS ESPAÑOLAS, S.A.

MINAS Y LAVADEROS
BURELA (LUGO)

Teléfono: 982 58 03 00
Fax: 982 58 09 88

CONCELLO DE BURELA